

1. INTRODUCCIÓN

O Plan representa unha rigorosa posta ao día, en soporte dixital, do estado de coñecemento do litoral galego, imprescindible para partir dun diagnóstico certo da realidade territorial das nosas costas, nas que conviven valores ambientais, ecolóxicos, patrimoniais, e económicos que interactúan de maneira complexa.

O Plan de Ordenación do Litoral **define os criterios globais para a ordenación de usos do chan, regula as actividades e fixa os criterios xerais de protección do medio litoral.** Aspira, en definitiva, ao establecemento do marco básico de referencia para a eficaz integración das políticas territoriais e actuacións urbanísticas no noso litoral, garantindo a conservación e protección dos seus ecosistemas.

O modelo articúlase nunha tipoloxía de ámbitos de natureza diversa, nos que se definen os usos capaces de acoller, e os valores definitorios que se han de protexer. Trátase de categorías que perseguen a diferenciación de espazos facilmente comprensibles, que facilitarán un réxime adecuado dos usos compatibles cos seus correspondentes valores naturais e culturais.

O ámbito do Plan fundamentouse en criterios físicos, delimitados polas concas de drenaxe e concas visuais que ocupan a primeira franxa de costa e as unidades prelitorales que actúan de fondo escénico e que tamén foron sometidas a estudo.

2. ÁMBITO
*** 84 concellos incluídos / * 212.000 hectáreas protexidas e ordenadas**

A CORUÑA	01 Ortegá	MAÑÓN ORTIGUEIRA	LUGO	01 A Mariña Oriental	TRABADA RIBADEO	
	02 Ferrol	CARIÑO CEDEIRA VALDOVIÑO NARON FERROL		02 A Mariña Central	BARREIROS O VALADOURO FOZ BURELA	
		NEDA FENE MUGARDOS		03 A Mariña Occidental	CERVO XOVE VIVEIRO O VICEDO	
		ARES				
		03 Eume		CABANAS PONTEDEUME		
		04 Betanzos		MIÑO PADERNE BETANZOS		
		05 A Coruña		BERGONDO SADA OLEIROS CAMBRE		
				CULLEREDO A CORUÑA ARTEIXO	01 Caldas	CATOIRA VALGA
				LARACHA CARBALLO	02 O Salnés	VILAGARCIA DE AROUSA VILANOVA DE AROUSA ILLA DE AROUSA
	06 Bergantiños			MALPICA DE BERGANTIÑOS PONTECESO CABANA DE BERGANTIÑOS LAXE		CAMBADOS RIBADUMIA MEAÑO O GROVE SANXENXO
	07 Terra de Soneira	VIMIANZO CAMARIÑAS		POIO PONTEVEDRA		
	08 Fisterra	MUXIA CEE FISTERRA		03 Pontevedra	VILABOIA MARIN	
CORCUBION DUMBRIA		04 O Morrazo	BUEU CANGAS MOAÑA			
09 Muros	CARNOTA MUROS		05 Vigo	SOUTOMAIOR REDONDELA VIGO		
10 Noia	OUTES NOIA PORTO DO SON	NIGRAN GONDOMAR				
	11 Barbanza	LOUSAME RIBEIRA POBRA DO CARAMIÑAL		06 O Baixo Miño	BAIONA OIA O ROSAL A GUARDA	
BOIRO RIANXO		TOMIÑO				
12 O Sar		DODRO				

2. ÁREAS DO PLAN DO LITORAL

2.1 ÁREA DE PROTECCIÓN


* AMBIENTAL, definida para garantir a conservación daqueles valores naturais singulares presentes no territorio costeiro, diferenciando a protección Intermareal, Bosques, Ecolóxica e Costeira, que engloba as dinámicas litorais e cantís.

A anchura desta franxa é variable.

RIBEIRA DO MAR

Franxa	Suma de %
0	12,11%
0 < 100	50,38%
100 < 200	18,38%
200 < 500	14,92%
500 < 1000	3,72%
> 1000	0,49%
Total xeral	100%

Un 4,21% de protección queda por riba dos 500 metros.



* DE CORREDOR, pensada coa intención de frear a fragmentación dos hábitats de protección ambiental, e a consecuente perda de biodiversidade, á través da conectividade dos ecosistemas. Os ríos son os elementos esenciais que garanten esta función, polo que quedan englobados baixo a protección desta figura.


2.2 ÁREA DE MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

A segunda das áreas, a de mellora ambiental e paisaxística, recolle o territorio entre a área costeira e os primeiros eixos ou espazos que articulan o modelo de organización tradicional, comprendendo a paisaxe litoral máis próxima á costa. É o espazo sometido ás maiores transformacións nas últimas décadas. O seu obxectivo principal é o de preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural reivindicando esta fronte como un elemento propio, un trazo distintivo, un recurso, un indicador da calidade de vida de Galicia. Pero tamén ten como obxectivo mellorar aquelas intervencións que non se axustan ao modelo proposto no Plan e necesitan de actuacións para transformalas en paisaxes de calidade. Desta forma búscase garantir a integridade do bordo costeiro como espazo de goce público e valor social, ao mesmo tempo que un desenvolvemento urbanístico sustentable e integrado na paisaxe.

A anchura de esta franxa é variable, e a súa distancia ao mar pódese clasificar segundo o cadro seguinte:

RIBERA DO MAR	
Franxa	Suma de %
0	0,52%
0 < 100	12,83%
100 < 200	12,83%
200 < 500	30,77%
500 < 1000	27,34%
> 1000	15,70%
Total xeral	100,00%

Un 43.04 % de protección por riba dos 500 metr



2.3 ÁREA DE ORDENACIÓN


Recolle as planicies costeiras e de transición situadas tras a fronte litoral nas que, na maioría das ocasións, podemos atopar asentamentos ligados visual e/ou funcionalmente ás paisaxes litorais. Ademais nesta zona englobamos as áreas xa urbanizadas en contacto co mar.

Tipo		Has	% Ámbito Gestión
Con Protección	Protección Ambiental	48.602	22,9%
	Protección de Corredores	18.541	8,7%
	Mejora Ambiental y Paisajística	46.827	22%
Total		113.970	53,6%
Ordenación	Ordenación	98.194	46,4%
Total		212.164	100,0%

Deste xeito, o Plan estende a súa área de xestión a máis de 212.000 hectáreas, das que 67.144 se consideran área de especial protección ambiental, noutras 47.000 hectáreas só se contemplan desenvolvementos conforme a estritos criterios ambientais e paisaxísticos e o resto, case un 47% do total (preto de 100.000 has.), que se sitúa detrás da fronte litoral, son obxecto de ordenación.

3. OUTRAS CIFRAS DE INTERESE

- Sete grandes costas con características diferenciais conformadas por 34 sectores costeiros e 428 unidades de paisaxe



- 2.555 quilómetros de costa que inclúen 432 quilómetros de illas, 464 quilómetros de marismas e 1.659 quilómetros de perímetro costeiro.
- 863 praias adscritas a 11 grandes tipos segundo criterios morfodinámicos, 71 sistemas dunares de diversa etiología e 150 humedais inventariados.
- O 24% do total do ámbito do Plan está formado por masas boscosas autóctonas e de recolonización.
- Os usos agroforestais representan o 53% do ámbito
- Os usos artificiais, entre os que destaca o urbano, acadan o 13,5% do ámbito.
- O 3% da superficie está ocupada por construcións de diverso tipo.
- 31.390 hectáreas de espazos naturais recoñecidos, o que supón o 15% do ámbito.

4. O PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL E A LEI DOS 500 METROS

PLAN DO LITORAL (*)	LEI DOS 500 METROS
<p>O ámbito de xestión do Plan abarca aproximadamente 212.000 hectáreas, o que na práctica supón protexer ou ordenar o 7,2% da superficie da comunidade, o que implica un incremento de máis de 131.000 hectáreas, case o triplo da superficie de partida da Lei dos 500 metros.</p>	<p>A Lei 6/2007 de Medidas Urxentes prohibiu desenvolvementos urbanísticos nas 86.663 hectáreas que abarca a franxa de 500 metros, o que supón o 2,73% da superficie de Galicia.</p>
<p>Considerando como ámbitos de protección os identificados como Protección Ambiental e Protección de Corredores, así como a Mellora Ambiental e Paisaxística, o Plan do Litoral protexe en diversos graos preto de 114.000 hectáreas, un 40% mais de superficie que a Lei dos 500 metros.</p>	<p>O ámbito de prohibición da Lei dos 500 metros supón, na práctica, 33.000 hectáreas menos respecto da superficie total protexida polo Plan de Ordenación do Litoral</p>
<p>O Plan do Litoral abarca 10.500 hectáreas de solo urbanizable delimitado e urbanizable non delimitado dentro do seu ámbito de xestión. Isto supón 7.161 hectáreas máis que a Lei dos 500 metros</p>	<p>A Lei dos 500 metros establece medidas cautelares sobre 3.339 hectáreas de urbanizables delimitados e non delimitados, un 68% menos que o POL.</p>
<p>Abarca a 11.689 Ha. de solo urbanizable e urbano non consolidado, 7.597 mais que a Lei de Medidas Urxentes</p>	<p>Abarca 4.092 hectáreas de solo urbanizable e urbano non consolidado, un 65% menos que o POL</p>
<p>O ámbito protexido polo Plan do Litoral impedirá o establecerá restricións sobre o desenvolvemento de 6.000 hectáreas de urbanizables e urbanos non consolidados na costa galega, 1.908 hectáreas mais que a Lei dos 500 metros</p>	<p>O ámbito da Lei dos 500 metros impide o desenvolvemento da totalidade das 4.092 hectáreas de urbanizables e urbanos non consolidados.</p>
<p>O Plan do Litoral impedirá o establecerá restricións sobre o desenvolvemento de 2.839 hectáreas de urbanizables e urbanos non consolidados na costa galega por riba dos 500 metros</p>	<p>A Lei de Medidas Urxentes non establece ningún tipo de cautela por riba dos 500 metros</p>


(*) Os datos que se reflicten neste cadro son provisionais e poden experimentar variacións durante a tramitación, en función da información e as aportacións que os concellos realicen durante o período de audiencia

EXEMPLOS

1. Exemplo dun urbanizable que se pode evitar co Plan do Litoral. Está máis aló dos 500m e en Mellora Ambiental e Paisaxística e, polo tanto, non está protexido pola Lei de Medidas Urxentes



Exemplo dun urbano non consolidado viable co POL e suspendido pola ley de 500m. Trátase dun Solo Urbano Non Consolidado, inserto en trama urbana, rodeado de construcións que poderá desenvolverse coa entrada en vigor do Plan



5. A TRAMITACIÓN DO PLAN DO LITORAL

- **Xaneiro - Marzo:** período de audiencia ás corporacións e organismos competentes
- **Marzo - Abril:** montaxe do documento para a aprobación inicial
- **Maio:** Orde da CMATI acordo aprobación inicial
- **Xuño-Xullo:** información pública
- **Agosto-Novembro:** estudo das alegacións e elaboración do documento para a aprobación provisional
- **Novembro-Decembro:** orde da CMATI de aprobación provisional. Acordo do Consello da Xunta para a aprobación definitiva. Publicación do Decreto de aprobación definitiva no DOG.